

INICIO DE CURSO 2009-2010

Para o STEG o inicio do curso escolar 09-10 está a ser un dos máis conflitivos dos últimos anos con accións da Consellaría contrarias á calidade do ensino público e ás condicións sociolaborais do profesorado

Non é doado lembrar un período tan breve dunha Consellaría de Educación con tantas accións polémicas que, na maioría dos casos, contaron co rexeitamento da comunidade educativa. Nos seus primeiros días, centra todo o esforzo da administración nunha campaña contra o galego no ensino cun custo para as arcas públicas

equivalente ao salario de 10 profesoras/es, un intento de modificar os criterios de agrupamentos coa supresión de centos de unidades e profesorado, a eliminación do carácter universal da gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio, a imposición sen negociación da circular das EOIs, a concertación con tres millóns

de euros para os colexios ultraconservadores que segregan por sexo, máis de 1000 millóns de euros para o ensino privado... Para máis inri, estas actuacións leváronse a cabo con premeditación e nocturnidade: no verán, cando o profesorado non está nos centros educativos.

EOIs máis do 90% do profesorado secundou a folga

Máis de 500 persoas acodiron á concentración diante da Consellaría de educación en Compostela.

A Consellaría impedirá a formación de centos de persoas que viñan facendo uso destas escolas.

Inaugúrase o curso cunha folga nas EOIs para solicitar a retirada da circular motivo do conflito, na que participou máis do 90% do profesorado afectado.

Esta circular supón unha diminución na oferta educativa e na calidade do ensino que viñan impartindo estas escolas. Ademais afecta ao posto de traballo do 30% do profesorado. Con esta circular

perdemos todas e todos xa que dificilmente poderán participar as traballadoras e traballadores nun curso de idioma que imparte o seu horario un día ás 15h, outro ás 20h e outro 13h por exemplo.

No fondo deste ataque ao ensino público está a privatización deste ensino xa que ao diminuír a oferta horaria e a calidade educativa haberá un desvío de certificacións cara empresas privadas de idiomas.

Este conflito segue aberto mentres non rectifique a súa postura a Consellaría.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE? aulas de castigo, o exemplo do que non se debe facer

Regulamos a atención á diversidade con circulares, que non son mais que parches, sen abordar o tema no seu conxunto. Desde hai tempo vimos insistindo na necesidade de repensar o modelo de orientación e de atención á diversidade para poder traballar efectivamente desde a escola inclusiva.

REDUCCIÓN DE PROFESORADO un ano máis centos de profesoras e profesores son despedidos

Redución drástica do profesorado tanto en primaria (máis de 100 PT e AL) como en secundaria (preto de 500 profesoras/es). Neste aspecto é alarmante que centos de profesoras e profesores que viñan traballando para a Consellaría, mesmo desde hai máis de 20 anos, foron despedidos do seu traballo. Máis que nunca é preciso o inicio das negociacións de estabilidade.

O que importa son os cartos, a calidade do ensino queda aparcada. Se se necesita máis profesorado para a atención á diversidade, para programas de diversificación, para desdobres... a resposta da Consellaría é sempre a mesma: "hai que apañarse co que hai".

GALEGO eliminación progresiva

Desaparecen as axudas para as aulas de galego en entornos castelán-falantes.

Incúmprese o decreto 124 no referente ao uso do galego nas aulas de infantil, xa que a nova orde non recolle que en entornos castelán falantes o uso do galego será como mínimo igual ao uso do castelán.

Desde o STEG facemos unha chamada a todo o profesorado para traballar por e para unha escola galega que consiga unhas competencias plenas do alumnado na nosa lingua e unha dignificación social do seu uso.

ADXUDICACIÓN DE DESTINOS despropósito de xestión. En primaria foron tantos os erros que houbo que repetila aos tres días

Eficacia e eficiencia?. Máis de 40 funcionarias e funcionarios de secundaria sen destino e, como é lóxico, recibindo o soldo na súa casa.

Para solucionar a desfeita, a Consellaría vai obrigar ao funcionariado a facer substitucións de zona, figura que ata o de agora non existía no corpo de PES.

No desastre de xestión chegaron a nomearse dúas persoas para a mesma praza, desapareceron vacantes despois de facerse o nomeamento, apareceron novas interinidades despois de comezado o curso, dun día para outro moitas vacantes mudaron de perfil,...

CONCERTOS EDUCATIVOS máis de 1000 millóns de diñeiro público para o ensino privado

O desvío de cartos públicos para o ensino privado (1000 millóns de euros) semella que vai ser unha prioridade deste goberno, mentres ao mesmo tempo toma medidas contra a calidade do ensino público como a redución do profesorado.

Exemplo desta política é a decisión de renovar o concerto (tres millóns de euros) aos colexios do Opus que segregan por sexo.

AGRUPAMENTOS NOS CENTROS INCOMPLETOS

A circular remitida polo director xeral de centros e recursos humanos o 14 de maio do 2009 -segundo el ás inspeccións e de xeito interno, pero coñecida por todas as persoas relacionadas co ensino-, na que se dítaban instrucións para a constitución dos grupos con 20 alumnos/as, dentro do mesmo ciclo tanto en El coma en EP, e de 15 se eran de distinto ciclo, provocou unha serie de mobilizacións sindicais, protestas dos concellos, dos grupos parlamentarios, do profesorado e das familias afectadas. A implantación desta circular, ademais de supor un retroceso ao respecto do que se estaba a aplicar na práctica dende 2002 -onde a ratio para agrupar era de 16- levábanos ao desmantelamento do ensino no rural.

Como consecuencia desta presión, a Consellería viuse obrigada a negociar coas forzas sindicais. Froito desta negociación todas as forzas sindicais, agás a CIG, asinamos un acordo que sen dúbida é o mellor de todo o Estado. Lembremos que por exemplo en Educación Infantil, en caso de agrupar a todo o Ciclo, pasamos dunha ratio de 20 a unha de 10.

Dito acordo suporá a non supresión de máis de 150 unidades -se se aplicaran as ratios da circular- e a creación de 152 novas. Para este curso teñen que funcionar o 50% e o restante 50% farao ao inicio do curso 2010-2011.

Dende o STEG entendemos que o acordo supuxo un grande avance para o ensino rural e en conxunto para toda a escola pública galega.

REDUCCIÓN DO PROFESORADO DE PT E AL

A adxudicación de destinos provisionais para o curso 09-10 sufriu un recorte de 79 mestras/es de PT e de 26 de AL o que fai un total de 105 mestras/es menos (supón un 15% de redución) que haberá para atender ao alumnado que presente necesidades educativas específicas por parte do profesorado.

A Consellería argumenta que os reaxustes realizados cingúanse ao catálogo estipulado por lei, ou sexa, unha mestra/e de PT en cada centro a partir de 4 unidades -dous a partir de 18- e unha de AL en cada un a partir de 13 unidades -dous a partir de 30-. O que non ten en conta é a parte do acordo na que se di textualmente: "Naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa específica poderanse incrementar os catálogos en función do número e tipo de necesidades, especialmente de PT e AL."

Que pasa con todas as peticións feitas desde as direccións dos centros e debidamente xustificadas, que non sexan as catalogadas?. Os catálogos refírense aos cadros básicos, pero se nos quedamos aí, non se cumpre o acordo nin lóxicamente se cobren as necesidades reais.

Esta redución o STEG cualifica de moi grave xa que se antepón o recorte de gastos pola crise á contratación de persoal especializado, trócanse as necesidades reais polas necesidades económicas á vez que evidencia a pouca sensibilidade que amosan os que gobernan a educación en Galiza ante o alumnado que presenta necesidades educativas específicas.

HORAS COMPLEMENTARIAS FIXAS

Estase a dar unha grande disparidade, por parte dos equipos directivos, sobre como deben ser inseridas as dúas horas complementarias fixas, dedicadas a dinamizacións, dentro dos horarios do profesorado. Nuns casos o que fan é poñelas dentro do horario do alumnado, noutros fóra e incluso chéganse a dar os casos nos que as poñen como "dinamizacións ou gardas".

Partindo da Orde do 17 de xullo de 2007, sobre o complemento específico por titoría e outras funcións docentes, na que se di explicitamente que as gardas se consideran como horas lectivas e do acordo do 8 de xuño de 2007 sobre catálogos e xornada de traballo do funcionariado do corpo de mestres, onde se di que "as horas entre as 25 e as que cada mestre teña como lectivas dedicaranse, preferentemente, de acordo coa organización e autonomía do propio centro, a titorías de país e nais e coordinacións didácticas e a outras actividades como as seguintes:...", o STEG entende que:

- Cada centro, atendendo á súa organización e autonomía, decidirá cal é o mellor momento para facer as horas de dinamizacións.
- Todo o profesorado ten que facer dúas horas de dinamizacións, dentro do seu horario complementario fixo, pero estas non poden ser cambiadas por horas de garda, xa que estas pertencen ao horario lectivo -21 horas-.

Instamos, unha vez máis, á Consellería a ditar as instrucións necesarias para que os criterios que acabamos de expor cheguen dun xeito claro e homoxéneo a todos os centros educativos de Galiza.

EOIs

O STEG denuncia as graves consecuencias da circular 5/2009 para o mantemento do ensino de calidade nas Escolas Oficiais de Idiomas

O STEG segue a denunciar a actitude antidialogante da Consellería de Educación e do seu titular, non só pola ilegalidade e inoportunidade da circular senón pola difamación e o desprestixio a que se ve sometido o colectivo do profesorado das EOIs ante a opinión pública.

O curso pasado o STEG iniciou unha campaña nas EOIs de toda Galiza que tiña como obxectivo a negociación da nova ordenación das EOIs no novo marco lexislativo. Solicitada en maio unha entrevista co subdirector xeral de ensinanza especiais e a convocatoria dunha Mesa Sectorial para negociar as condicións, a resposta aínda esta por chegar. Claro que tamén podemos considerar que a resposta chegou en forma de circular imposta e sen negociación previa. Dende o STEG podemos constatar que esta actitude prepotente e impositiva que ten a Consellería iniciouse antes do mes xullo e segue a continuar...

Dende a imposición da circular o STEG participou activamente en todas as accións que se organizaron, que non foron poucas:

- Folga os días 9 e 10 de setembro das EOIs.
- Concentración diante da Consellería o día 9 de setembro.
- Solicitude de entrevista co Conselleiro para esixir a retirada da circular 5/2009.
- Escrito dirixido ao Conselleiro solicitando a retirada da circular.
- Concentración o 17 de setembro en Pontevedra co motivo do inicio do curso en secundaria, acto ao que acudiu o Conselleiro.

- Entrevistas cos grupos parlamentares.
- Propostas de resolución para as Xuntas de Persoal provinciais.
- Asemblea nacional o 22 de setembro co profesorado das EOIs na que se acordou seguir coas mobilizacións a través de novas accións, entre outras:
 - Peche nas escolas en días consecutivos do 5 ao 22 de outubro.
 - Recollida de sinaturas entre o alumnado e o profesorado.
 - Resolucións dos Claustros e dos Consellos Escolares reclamando a retirada da circular e a declaración de persoas non gratas ao Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, e ao Director Xeral de Educación, José Luís Mira Lema, pola actitude autoritaria que están a manter ao non abrir a porta ao diálogo e polo descrédito e as difamacións que están verter sobre este colectivo.
 - Non asinar os horarios que está a impor a Administración a través da presión exercida polas inspeccións e nas que se lles impuxo a aplicación da circular.


Dende o STEG felicitamos a todo o profesorado polo apoio que están a recibir as mobilizacións e animámoslos a proseguir xa que a unidade e a continuidade serán factores determinantes na consecución das nosas reivindicacións: a defensa dun ensino público que pasa tamén pola dignificación e o respecto ao profesorado.

Coa circular 5/2009 perdemos todas e todos

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da súa Dirección Xeral de Educación, emitiu en pleno mes de xullo a circular 5/2009, norma coa que pretende regular, sen negociación previa, as condicións de traballo do profesorado das EOIs. Esta circular constitúe o maior golpe ás EOIs en Galiza na súa historia e, lonxe de pretender unha mellora no servizo, constitúe un empeoramento con respecto á anterior norma e responde á intención de aforrar custos de persoal e desprestixiar o ensino público.

Con esta circular non só perde o profesorado das EOIs, perde toda a comunidade educativa das EOIs e todo o potencial alumnado. As consecuencias inmediatas da implantación desta norma son:

- **Perda do servizo que ofrecen as EOIs:** a redución da oferta horaria nas horas de máis demanda fará que xente adulta e traballadora non poida optar a este tipo de ensino.
- **Privatización do ensino de idiomas:** ao non contar cun bo servizo moito alumnado verase na obriga de ter que recorrer ao ensino privado para poder completar os seus estudos de idiomas.
- **Desaparición do modelo de formación propio das EEOII:** ao reducir e incluso desaparecer as clases complementarias e a diversificación curricular ofertada nas EOIs (cursos monográficos, programa PALE, cursos CELGA, cursos de CFR...) vese minguada en grande medida a calidade do ensino de idiomas.
- **Perda dun sistema singular na aprendizaxe de linguas:** as EOIs son unha institución pública de ensino de idiomas única na Unión Europea onde este tipo de ensino está en mans das institucións privadas. Só na República Checa existe algo similar. Presta, xa que logo, un servizo sen ánimo de lucro.



AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

O STEG prégúntase sobre a verdadeira función e repercusións da Avaliación diagnóstica

Dende a Consellería de Educación a través da orde do 16 de febreiro de 2009 (DOG 23 febreiro 2009) e da Resolución do 18 de maio de 2009 (DOG 29 maio 2009), establece o desenvolvemento da avaliación diagnóstica, esta avaliación será sobre as competencias básicas do alumnado e deberá dar lugar a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados obtidos,

Propónse unha avaliación sen efectos académicos, formativa e orientadora para os centros e informativa para as familias e o conxunto da comunidade educativa. Así, a avaliación de diagnóstico adquire gran importancia no sistema educativo actual, dada a súa potencialidade para converterse en indicador da súa calidade.

Esta proba terá lugar en todos os centros educativos que impartan quinto curso de educación primaria e terceiro curso da ESO, a proba realizarase o día 21 de outubro, as competencias básicas que se avaliarán no ano 2009 serán a competencia en comunicación lingüística e competencia matemática. Para o desenvolvemento da proba empregaranse os caderniños do alumnado e uns cuestionarios dirixidos ao alumnado, ás familias, dirección dos centros educativos e profesorado titor dos grupos avaliados.

O alumnado ao que se lle aplicarán as probas no ano 2009 serán aqueles que cursaron no 2008-2009 cuarto curso de educación primaria e segundo curso da ESO, quedará exento de realizar a proba o alumnado con discapacidade física ou psíquica que represente un obstáculo insuperable para a súa realización, alum-

nado que conte con adaptación curricular individual significativa e alumnado que conte con menos dun ano de escolarización no sistema educativo galego.

Os encargados da comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico serán o director ou directora, a xefa ou xefe de estudos, a xefa ou xefe do departamento de orientación, un titor ou titora de 5º curso e un titor ou titora de 3º da ESO, a nomeada comisión quedará constituída antes do 22 de setembro e a súa composición quedará reflectida na programación xeral anual.

No informe de resultados farase constar, a puntuación acadada polo centro en cada unha das competencias avaliadas en relación coa media de Galicia e a media daqueles centros que, coma el, pertencen ao mesmo estrato socioeconómico e cultural. Por último os centros educativos, a través do profesorado titor, informarán ás familias do alumnado avaliados dos resultados globais acadados polo centro.

Dende o STEG preguntámonos se esta avaliación diagnóstica externa aos centros serve para coñecer realmente a calidade do ensino. Poden os resultados dun exame ser un baremo fiable da calidade educativa? Posto que a escola forma parte dun sistema, este tipo de probas produce unha visión reduccionista da educación. Avalían dúas competencias ailladas e non se ten en conta ningún outro factor do funcionamento do centro.

Preguntámonos tamén, que é o que vai pasar con eses datos. Como pensamos evitar que os resultados non supoñan unha clasificación de centros? En que momento desta avaliación se vai falar do punto de partida e do punto no que se está despois da intervención educativa? A ningún se lle escapará que unha avaliación diagnóstica e final só pode verquer datos descriptivos dunha situación, datos que poden derivarse de factores que pouco teñan que ver co bó ou mal funcionamento dun centro (pensemos nunha escola situada nunha zona de vivendas de clase media-alta).

Por outra banda, que vai pasar co cuarto curso de primaria e co segundo da ESO? Tendo unha proba deste tipo ao finalizar estes cursos é probable que se convertan para profesorado e alumnado en réplicas a pequena escala do 2º de BAC. A nosa preocupación é onde quedará entón o ensino funcional e adaptado ao medio, a atención á diversidade, a educación en valores e todo aquilo que contribúe efectivamente a educar de maneira integral a unha persoa con capacidade para participar na sociedade dunha maneira crítica e responsable.

Temos a seguridade de que avaliar é necesario, pero ao mesmo tempo rexeitamos este modelo que non é capaz de analizar a escola como un sistema vivo e rico.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO

Dúas décadas de desacertos ralentizan o avance cara a escola inclusiva

Pasaron case dúas décadas dende que a UNESCO defendeu o modelo de escola inclusiva na Declaración Mundial sobre Educación para todas e todos (1990) e na Declaración de Salamanca (1994): unha escola na que se respectan e se recoñecen cada unha das diferenzas; unha escola na que se educa de xeito integral, dando respostas ás necesidades de cada quen.

O cambio a este novo modelo educativo supuxo unha reestruturación profunda do sistema que no noso estado veu da man da LOXSE. As esixencias dunha escola para todas e todos pasaba por un bo financiamento e un coidado marco conceptual que podía resultar clave para provocar un cambio de actitude e unha cultura de integración enmarcada nun proxecto educativo máis solidario e democrático.

especialización que o único que fan é separar ao alumnado polas súas condicións persoais.

Unha vez máis comezamos o curso con sobresaltos neste tema. A Circular 8/2009, pola que se regulan medidas de atención á diversidade, céntrase exclusivamente no rendemento e na conduta do alumnado. Vén a pór máis confusión nos termos, a regular o que xa estaba recollido, a dar a entender que podemos modificarlle o currículo e facer exentos da segunda lingua estranxeira a todo o alumnado que non supere algunha materia, e a propor a creación de aulas de castigo onde o profesorado atenderá ao alumnado expulsado. Iso si, chamámoslles "aulas de atención educativa para a atención á diversidade". Usando estes eufemismos perversos acabaremos por asumir que facer grupos de

... "aulas de atención educativa para a atención á diversidade". Usando estes eufemismos perversos acabaremos por asumir que facer grupos de torpes, de xitanos/as, de estranxeiros/as, de discapacitados/as é a verdadeira atención á diversidade

O día a día nas aulas e nos centros educativos, as dificultades, a impotencia, a soidade e a desesperanza do profesorado para atender de forma axeitada á diversidade foron abrindo camiños de dúbidas, cando non posturas manifestamente abertas contra a integración. Podemos intuír moreas de causas para que se dea esta situación e de entre elas, a máis grave: a falta de vontade da Administración para que a escola inclusiva funcione. Dependendo dos recursos que se outorguen e do punto de vista conceptual co que se governe estaremos ante unha verdadeira escola inclusiva onde todo o alumnado ten cabida ou ante unha institución escolar que exerce unha discriminación velada, baixo pretextos de individualización e

torpes, de xitanos/as, de estranxeiros/as, de discapacitados/as é a verdadeira atención á diversidade.

Dende o STEG, unha vez máis, denunciámos que se siga sen abordar de forma seria o tema da atención á diversidade e da orientación e que se envíen circulares que poñen parches nunha lexislación que non está adaptada á LOE. Reclamamos unha revisión do modelo de orientación, revisando o perfil profesional, as ratios nos postos de traballo e todo o que poida estar entorpecendo levar á práctica unha intervención psicopedagóxica de carácter preventivo tan necesaria para un funcionamento óptimo do noso sistema escolar.

